

AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) CONVOCATORIAS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DE MATRÍCULA 2024

A RESOLUCIÓN do 20 de febreiro de 2024, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2023/24, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2024/25 (DOG do 27 de febreiro de 2024), establece que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG Nº 66 do 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste senso, no seu articulado, a dita Orde do 24 de marzo de 2011 establece que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao no Sistema Universitario de Galicia (SUG) será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

Co fin de axilizar estes proceso de carácter masivo que hai que realizar nun curto espazo de tempo, sempre que sexa posible, todos os trámites relacionados cos procesos de ABAU e PREINSCRICIÓN realizaranse por medio de procedementos telemáticos.

Dado que resulta imprescindible realizar a matriculación do alumnado na ABAU de xeito organizado, a CIUG **RESOLVE** convocar a Matrícula para a Convocatoria Ordinaria (xuño) e Convocatoria Extraordinaria (xullo) para a realización dos exercicios correspondentes ás ditas probas de 2024, conforme ás seguintes **BASES**:

Primeira ESTRUTURA DA PROBA

A ABAU estrutúrase en dúas partes denominadas, respectivamente, parte obrigatoria e parte voluntaria.

Parte Obrigatoria. A parte obrigatoria está formada polas tres materias xerais do bloque de materias troncais (Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II e Primeira

Lingua Estranxeira II) e de Historia de España ou Historia da Filosofía, que elixirá no momento de matricularse. Ademais tamén deberá examinarse da materia cursada en 2º de Bacharelato como específica obrigatoria da modalidade (Debuxo Artístico II; Análise Musical II ou Artes Escénicas II; Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II; Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II; Ciencias Xerais).

Parte Voluntaria. O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias, distintas das que se examinou na Parte Obrigatoria, a elixir de entre as 28 materias seguintes: Historia de España, Historia da Filosofía, Debuxo Artístico II, Análise Musical II, Artes Escénicas II, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II, Ciencias Xerais, Segunda Lingua estranxeira (distinta da que cursou como materia troncal, a elixir entre Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués), Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II, Deseño, Fundamentos Artísticos, Técnicas de Expresión Gráfico-plástica, Coro e Técnica Vocal II, Historia da Música e da Danza, Literatura Dramática, Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, Química, Tecnoloxía e Enxeñaría II, Movements Culturais e Artísticos, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Tanto a materia cursada como específica obrigatoria da modalidade como as outras catro materias da parte obrigatoria son materias da parte obrigatoria pero tamén poden contar como unha materia máis da parte voluntaria.

O alumnado de bacharelato que superase a parte obrigatoria en convocatorias anteriores, e só se examine da parte voluntaria, se elixe unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursase como Primeira Lingua Estranxeira.

O alumnado de FP que tamén superase bacharelato e a parte obrigatoria da ABAU, se elixe unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursase como Primeira Lingua Estranxeira.

O exame de cada materia terá unha duración de 90 minutos cun descanso de 30 minutos entre probas consecutivas, de acordo co horario que figura no Anexo III.

O alumnado que se matricule de Historia de España e Historia da Filosofía (unha delas elixida como materia da parte obrigatoria e outra como materia da parte voluntaria), deberá realizar en primeiro lugar a que elixiu como obrigatoria e disporá dun máximo de 90 minutos

para completar a resposta. Despois de entregar este exame poderá descansar un máximo de 30 minutos dentro da aula antes de solicitar os enunciados do exame da segunda materia e disporá dun máximo de 90 minutos para completar a resposta a este segundo exame.

O alumnado que se matricule de varias materias da parte voluntaria con horarios coincidentes recibirá os enunciados dos exames de forma sucesiva de parte da Comisión Delegada, no orde previsto polo Tribunal Único, e disporá dun máximo de 90 minutos para completar a resposta de cada exame. Despois de entregar a resposta dun exame poderá descansar un máximo de 30 minutos dentro da aula antes de solicitar os enunciados do seguinte exame e disporá, de novo, dun máximo de 90 minutos para completar a resposta.

Segunda REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderá presentarse á Parte Obrigatoria e á Parte Voluntaria:
 - a) Alumnado que aprobe o bacharelato establecido na Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE) neste curso 2023/24 nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b) Alumnado que aprobou o bacharelato establecido na Ley Orgánica 8/2013 en convocatorias anteriores, nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia e que non teña superada a proba ABAU.
 - c) Alumnado que teña superada a proba ABAU en convocatorias anteriores na Comunidade Autónoma de Galicia ou noutra Comunidade Autónoma e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia e desexe mellorar a súa cualificación.
 - d) Alumnado que teña un título de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) declarado equivalente ao título de bacharelato establecido na Lei Orgánica 3/2020, obtido nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia ou que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.
2. Poderá presentarse á Parte Voluntaria o alumnado que, antes de finalizar o prazo de matrícula, cumpra os seguintes requisitos:
 - a) Alumnado que teña superada a parte obrigatoria en convocatorias anteriores na Comunidade Autónoma de Galicia ou noutra Comunidade Autónoma e que acrediten a súa adscrición a un centro de Galicia.
 - b) Alumnado de FP que obtivese o título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior

de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente neste curso 2023/24 nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia

c) Na Convocatoria Ordinaria tamén se poderá matricular o alumnado de FP pertencente a centros da Comunidade Autónoma de Galicia que estea en disposición de acadar o título de Técnico Superior de FP, Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente na convocatoria de xuño do curso 2023/24, e desexe mellorar a súa nota de acceso á universidade mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU. En calquera destes casos é imprescindible a presentación de certificación académica oficial provisional.

d) Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente obtido en anos anteriores nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia ou que acredite a súa adscrición a un centro desta comunidade.

e) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escalas Europeas, acordado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza), e que desexe mellorar a súa cualificación e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

f) Alumnado de anos anteriores con acreditación expedida pola UNED para acceder ás Universidades Españolas e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

g) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación antes da finalización do prazo de matrícula dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior español ou que presentase a solicitude de homologación e estea pendente de resolución e que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia. O estudantado que estea pendente de homologación debe de presentar, antes da finalización do prazo de matrícula, declaración responsable conforme a *“Orden de 14 de marzo de 1988 para la aplicación de lo dispuesto en el Real Decreto 104/1988, de 29 de enero, sobre homologación y convalidación de títulos y estudios extranjeros de educación no universitaria (BOE núm. 66, de 17 de marzo de 1988).*

Terceira TIPOS DE MATRÍCULA: PRAZOS, PROCEDIMIENTO E DOCUMENTACIÓN

1. MATRÍCULA ANTICIPADA

1.1. PRAZO:

O Prazo para formalizar Matrícula Anticipada vai do 2 ao 20 de maio para a Convocatoria Ordinaria e do 10 ao 17 de xuño para a Extraordinaria.

1.2. QUEN PODE MATRICULARSE

Poderase matricular no prazo sinalado para a Matrícula Anticipada o alumnado que obtivese en convocatorias anteriores (anteriores ao curso 2023-24 para a Convocatoria Ordinaria e anteriores ao curso 2023-24 ou na Convocatoria de xuño do curso 2023/24 para a Convocatoria Extraordinaria) o título de Bacharelato ou un título declarado equivalente ou o título de Técnico Superior de FP, Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior español ou declarado equivalente e se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Alumnado que teña aprobado o bacharelato ou un título equivalente en convocatorias anteriores e que non superase a proba ABAU deberá matricularse obrigatoriamente da parte obrigatoria (das 5 materias) da ABAU e, se o desexa, da Parte Voluntaria.
- b) Alumnado que teña aprobado o bacharelato ou un título equivalente en convocatorias anteriores e que xa superase a proba ABAU poderá matricularse da parte obrigatoria (das 5 materias) da ABAU e/ou da Parte Voluntaria.
- c) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalentes poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria.
- d) Alumnado en posesión do título de Bacharelato Europeo ou Diploma do Bacharelato Internacional que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria.
- e) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de Técnico Superior de FP, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior español e que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria.

f) Alumnado procedente de sistemas educativos da UE ou equivalentes que estea en posesión da credencial de acceso expedida pola UNED e que acredite a súa residencia en Galicia poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria.

g) Tamén poderá matricularse o alumnado de Formación Profesional pertencente a centros de Galicia que estea en disposición de acadar o título de Técnico Superior de FP, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalente na convocatoria de xuño do curso 2023/24, aínda que estea pendente da finalización da Formación en centros de Traballo (FCT) e, se é o caso, o módulo de proxecto, e desexe mellorar a súa nota de acceso á universidade mediante a realización da Parte Voluntaria. Os resultados estarán condicionados á superación da FCT e/ou proxecto.

1.3. PROCEDEMENTO E DOCUMENTACIÓN.

A matrícula anticipada realizarase a través da aplicación informática Nerta (<https://www.edu.xunta.es/nerta>) e, de non ser posible, enviarase a documentación por correo electrónico ao correspondente Lugar de Entrega e Recollida de Documentación (LERD, véxase Anexo I) que procederá á súa matrícula.

Só excepcionalmente poderá facerse in situ nos LERD habilitados en cada un dos sete campus de Galicia (véxase Anexo I).

O alumnado dos Centros de Galicia que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación Nerta e con conta de usuario fará a súa matrícula a través desta aplicación (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).

Coa realización da matrícula en Nerta, xerarase o impreso de liquidación para o ingreso dos prezos públicos. O alumnado pode acceder á súa conta e realizar o pagamento das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante.

Se decide realizar o pagamento nunha oficina de ABANCA, debe imprimir o impreso de liquidación para presentar na entidade bancaria. Unha vez aboados os prezos deberá enviar copia do xustificante de ingreso ao LERD correspondente para que reflectan a realización do pagamento en Nerta, dentro do prazo de matrícula. Recoméndase o ingreso a través da pasarela de pagamento dado que destes xeito queda reflectido de forma automática en Nerta.

O alumnado con dereito a exención de taxas tamén debe enviar copia da xustificación por correo

electrónico ao LERD correspondente, dentro do prazo de matrícula.

O **Alumnado que non teña conta de usuario en Nerta** deberá solicitar a conta en Nerta e enviar por correo electrónico ao LERD correspondente (véxase Anexo I) a seguinte documentación cos seus datos persoais e académicos para dar de alta a súa matrícula.

Documentos comúns para este alumnado que non teña conta en Nerta:

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU) que poderá baixar da páxina web da CIUG.
3. Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes, segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.

Documentos específicos para este alumnado que non teña conta en Nerta:

a) Alumnado dos centros de Bacharelato de Galicia que obtivese o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non se presentase anteriormente ás probas de acceso á universidade (PAU ou ABAU):

1. Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resgardo acreditativo de ter efectuado o depósito correspondente.
2. Certificación expedida polo centro na que consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Este alumnado presentarse á proba de acceso polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, agás aquel alumnado que solicítase á Inspección Educativa con antelación presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

b) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe **mellorar a súa cualificación**:

1. Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU ou da ABAU.
2. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

c) Alumnado procedente de **ordenacións educativas anteriores** (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do título de Bacharelato ou equivalente:

- Alumnado de PREU, COU e LOXSE

1. Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.

2. Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

O alumnado de PREU, COU e Bacharelato LOXSE presentarse á ABAU polo mesmo centro no que cursase PREU, COU e/ou segundo curso do Bacharelato, agás aqueles que solicitasen anteriormente á Inspección Educativa presentarse polo centro mais próximo ao seu lugar de residencia.

- Alumnado de Música e Danza

1. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

2. Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.

3. Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.

d) Alumnado de FP de anos anteriores que estea en posesión do título de **Técnico Superior** (TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior ou equivalentes) e desexe realizar a Parte Voluntaria:

1. Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CIUG aos centros.

2. Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

O alumnado deste apartado que proveña de centros de fóra de Galicia deberá achegar, ademais, certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos; para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.

3. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

e) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de **Bacharelato Europeo** en virtude das disposicións contidas no Convenio que se establece o Estatuto de Escolas Europeas, acordado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o **Diploma do Bacharelato**

Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza) e desexe realizar a Parte Voluntaria:

1. Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade.

2. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un Centro de Galicia.

f) Alumnado de anos anteriores en posesión de **títulos, diplomas ou estudos equivalentes ou homologados** ao título de Bacharelato ou aos Títulos Superiores de Formación Profesional, de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español procedente de sistemas educativos estranxeiros, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU) mediante a realización da Parte Voluntaria:

1. Homologación do título, diploma ou estudo obtido en sistemas educativos estranxeiros ou credencial expedida pola UNED na que conste a nota de acceso á universidade (NAU).

2. Documento expedido pola Inspección Educativa que acredite a súa adscrición a un centro de Galicia.

g) Tamén poderá matricularse na convocatoria ordinaria da ABAU o alumnado de Formación Profesional pertencente a centros de Galicia que estea en disposición de acadar o título correspondente de **Técnico Superior na convocatoria de ordinaria do curso 2023/24**, aínda que estean pendentes das prácticas (FCT) ou estudantes da FP Dual que estean en condicións de poder finalizar na convocatoria ordinaria.

Para poder matricularse, o centro de Formación Profesional ten que traspasar o expediente de XADE a Nerta co fin de que no expediente académico xa conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción dos módulos de prácticas (punto 4 do artigo 27º da Orde do 24 de marzo de 2011). O expediente figurará como traspasado pendente de Formación en Centros de Traballo (FCT).

2.- MATRÍCULA A TRAVÉS DOS CENTROS DE PROCEDENCIA DO ALUMNADO

2.1. PRAZO E PROCEDEMENTO

A **prematrícula** debe ser realizada polo alumnado nos centros correspondentes de Educación Secundaria do 16 ao 20 de maio para a Convocatoria Ordinaria e do 13 ao 17 de xuño para a Extraordinaria. Esta prematrícula farase a través da aplicación Nerta

(<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).

Coa prematrícula xérase unha conta de usuario en Nerta e cada estudante recibe os datos de acceso no seu correo electrónico. Con estes datos, e despois de activar a conta, o alumnado pode acceder a Nerta e realizar o pagamento das taxas de forma telemática, utilizando unha tarxeta de crédito. Este pagamento xa se reflicte de forma automática en Nerta, sen necesidade de enviar xustificante.

Se decide realizar o pagamento a través dunha oficina de ABANCA, debe imprimir o impreso de liquidación. Unha vez aboados os prezos deberase entregar copia do xustificante de ingreso no centro correspondente para que reflicta a realización do pagamento en Nerta.

Os centros de Educación Secundaria enviarán por medios electrónicos ao LERD correspondente a documentación entre o 21 e 23 de maio para a Convocatoria Ordinaria e entre o 18 e 20 de xuño para a Extraordinaria.

2.2. QUEN SE PODE MATRICULAR

Poderá matricularse no prazo de Matrícula a través dos centros de procedencia do alumnado da Convocatoria Ordinaria (respectivamente Extraordinaria):

a) Alumnado de centros da Comunidade Autónoma de Galicia que teña superado o Bacharelato na convocatoria ordinaria (respectivamente Extraordinaria) deste curso 2023/24.

b) Alumnado de centros da Comunidade Autónoma de Galicia que obteña a dobre titulación de Bacharelato español e de Baccalauréat francés na convocatoria ordinaria (respectivamente Extraordinaria) do curso 2023/24, nos termos establecidos no punto cuarto da Resolución de 20 de febreiro de 2024 (BOE núm. 46, de 21 de febreiro) da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes. O alumnado con título de Baccalauréat francés titulado no presente curso 2023/24 pode matricularse unicamente da Fase Voluntaria.

3. PRAZO ESPECIAL DE MATRÍCULA

Poderá matricularse no prazo Especial de Matrícula da Convocatoria Ordinaria (respectivamente Convocatoria Extraordinaria), o alumnado de centros de Galicia que obteña resolución favorable da súa reclamación ás cualificacións do Bacharelato ante a Xefatura Territorial correspondente. Este alumnado poderá matricularse a través da aplicación Nerta, das

9:00 ás 14:00h. do día seguinte a comunicación da resolución.

4. DOCUMENTACIÓN PARA MATRÍCULA

Documentos comúns para a matrícula:

1. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
2. Xustificante de ter aboados os prezos públicos de matrícula do alumnado que non realizou o pagamento de forma telemática a través de Nerta ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula. Os centros que fagan un pagamento global por varios estudantes deben marcar na aplicación Nerta a realización do pagamento para o alumnado afectado.
3. Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).
4. Fotocopia do Título de Bacharelato LOMCE ou LOE / Baccalauréat francés ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. Co fin de axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos e alumnas fixeron xa o depósito do título do Bacharelato.
5. Os centros acompañarán a matrícula dunha listaxe de alumnos matriculados na ABAU con indicación do DNI, apelidos e nome, exención de Lingua Galega e Literatura II (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou, no seu caso, xustificante de exención. Este listado poderá ser xerado a través da aplicación Nerta.

5. DESESTIMIENTO E ANULACIÓN DE MATRÍCULA

Unha vez realizada a matrícula, só se admitirá a anulación/renuncia de matrícula con devolución de taxas se existen causas xustificadas por circunstancias imprevistas posteriores a matrícula.

Cuarta REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN

- 1) A documentación asinada dixitalmente e con CSV (Código Seguro de Verificación) pode enviarse por correo electrónico ao LERD correspondente.
- 2) De conformidade co disposto *no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento*

Administrativo Común das Administracións Públicas, os documentos que se dirixan á CIUG, ademais de nos LERD indicados no Anexo I, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
 - b) Nos rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
 - c) Nos rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
 - d) Nas oficinas de Correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
 - e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- 3) Só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:
- a) Rexistros relacionados no apartado anterior.
 - b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
 - c) Organismo español que expediu o documento.
 - d) Notarios españois.
 - e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Para o cotexo por unidade administrativa das referidas no punto 3 da base cuarta, será imprescindible a presentación do documento orixinal. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsa ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

Quinta PREZOS PÚBLICOS, EXENCIONS E AXUDAS

O aboamento do prezo da matrícula para as probas ABAU farase a través do proceso telemático da aplicación Nerta ou utilizando o impreso de liquidación que xera a mesma, no caso de que o procedemento se realice mediante a opción de prematrícula.

De conformidade co disposto no Decreto 98/2023, de 22 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2023/24, o importe do prezo de matrícula para estas probas é de: 63,67 euros.

Serán de aplicación as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 98/2023, de 22 de xuño:

Familia numerosa - Categoría Xeral	31,84 euros
Familia numerosa - Categoría Especial	Gratuíta
Persoas con discapacidade ($\geq 33\%$), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero e persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital.	Gratuíta
AXUDAS	
Persoal das Universidades do SUG	Gratuíta

Nota

(1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no prazo da matrícula.

(2) A condición de persoa con discapacidade ($\geq 33\%$), acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa do órgano competente da Comunidade Autónoma pola que se recoñecese a condición vixente no prazo de matrícula.

(3) A condición de vítima de acto terrorista acreditarase no momento de formalización da matrícula coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñecese a condición, vixente no prazo de matrícula.

(4) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da formalización da matrícula, mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

(5) A condición de persoa beneficiaria da prestación do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro.

(6) **AXUDAS** para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos. Serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:

- Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.
- A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no prazo da matrícula.

Sexta PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE MATRICULADOS

A data de publicación do alumnado matriculado será o 21 de maio para a Convocatoria Ordinaria e o 18 de xuño para a Extraordinaria a través da aplicación informática Nerta. O alumnado deberá revisar os seus datos e se detecta algún erro poderá interpoñer, no seu centro, reclamación, ata as 14.00 horas dese día, respectivamente. A partir do 23 de maio para a Convocatoria Ordinaria e do 20 de xuño para a Extraordinaria o alumnado poderá consultar en Nerta a súa matrícula na ABAU.

Sétima COMISIONS DELEGADAS

O alumnado matriculado nestas probas será convocado para realizar os correspondentes exercicios nunha determinada Comisión Delegada. As Comisións Delegadas reúnen alumnado de distintos centros de ensino secundario, segundo se indica no Anexo II que será publicado na páxina web da CIUG.

Oitava DATAS E HORARIO DOS EXAMES

Os exames terán lugar os días 4, 5 e 6 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e os días 2, 3 e 4 de xullo para a Extraordinaria, en xornada de mañá e tarde os tres días, conforme ao horario indicado no Anexo III.

En caso de hospitalización do estudante durante as probas da Convocatoria Ordinaria ou

defunción de familiares en primeiro grao, no prazo de sete días anteriores ao primeiro exercicio o/a estudante pode solicitar presentarse á convocatoria extraordinaria con efectos de convocatoria ordinaria para o acceso aos estudos do SUG.

Novena PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES E NORMAS DE REALIZACIÓN

1. PRESENTACIÓN

Todo o alumnado deberá acudir ao acto de presentación o primeiro día das probas ás 9.00 horas da mañá e despois presentarse a realizar os exercicios á hora sinalada para o comezo de cada un deles. O alumnado que só se examine da parte voluntaria e non teña erros na súa matrícula pode presentarse no momento de realizar os exames correspondentes.

Para realizar os exames, o alumnado deberá levar consigo:

- DNI ou documento identificativo oficial: pasaporte, permiso de residencia etc.
- Resgardo de Matrícula e xustificante de pagamento
- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra
- Material axeitado para realizar os exercicios que impliquen deseño, debuxo técnico ou artístico e técnicas gráfico-plásticas, así como o dicionario de latín-español ou grego-español e unha calculadora (véxanse as indicacións máis abaixo).

En función da situación sanitaria do momento, a CIUG poderá modificar o PROTOCOLO que figura na páxina web sobre os requirimentos que debe cumprir o alumnado para acceder aos lugares de exame.

No momento da presentación, o tribunal asignaralle o posto de exame a cada alumno/a.

2. ERROS NA MATRÍCULA

O alumnado que detecte algún erro na súa matrícula da ABAU deberá comunicarllo ao presidente/a da correspondente comisión delegada na hora da presentación do primeiro día das probas (de 09.00 a 09.30 horas do día 4 de xuño para a C. Ordinaria ou do 2 de xullo para a C. Extraordinaria), mediante unha solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da comisión delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das probas, non se permitirá ningún cambio na matrícula das probas ABAU. O alumnado que se examine dunha opción

distinta á que figure na súa matrícula ou na solicitude de cambio de matrícula que se lle entregase ao presidente/a da comisión delegada, anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula ou na súa solicitude de cambio desta.

3. IDENTIFICACIÓN E ANONIMATO

Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que o identifica. As etiquetas de identificación son persoais e intransferibles.

É fundamental o bo coidado destas etiquetas de identificación. Non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito para evitar a súa deterioración e as posibles dificultades de identificación. Recoméndase tamén que non se deixen nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo (fluorescentes, subliñados en cor etc.) que poidan permitir unha eventual identificación persoal. Non observar esta norma pode ser causa de anulación do exame.

4. REALIZACIÓN DOS EXAMES

En cada unha das probas entregaráselle a cada estudante un caderno de exame formado por dúas follas A3 grampadas (unha páxina de portada e sete páxinas A4 en branco) e unha cabeceira adhesiva. Para redactar as respostas o alumnado pode utilizar as sete páxinas en branco.

En cada proba só se pode utilizar un único caderno de exame, ao que non se lle poderán arrincar nin engadir follas.

Cada proba presenta varias preguntas e todas elas son susceptibles de ser elixidas. No enunciado de cada proba indícase o número “N” de preguntas que se deben responder. No caso de que o/a alumno/a non queira que se corrixa algunha das preguntas respondidas, débea tachar de forma clara. Se responde a máis preguntas das indicadas, só se corraxirá o número “N” de preguntas respondidas en primeiro lugar no caderno de exame.

Tras a distribución dos exames, todas as persoas (alumnos/as, vogais da comisión delegada e representantes de centro) deberán permanecer na aula na primeira media hora (**unha hora no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, naqueles exames que empezan media hora antes que o resto do estudiantado.) de cada exame. Quedan excluídos desta obriga as presidencias e as secretarías das comisións delegadas

e, de ser o caso, os membros da Comisión Delegada que autorice a presidencia, así como os delegados/as dos Reitores na CIUG.

O acceso á aula de exame implica sempre a entrega obrigatoria do caderno de exame debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.

Os exames deberán entregárselle a un membro do tribunal para que comprobe que cumpran as condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Se un/unha estudante non se presenta a algún dos exercicios da parte obrigatoria da ABAU, na cualificación correspondente figurará Non Presentado (NP) e para os efectos do cálculo da nota media o exame computará como 0.

5. MATERIAL ESPECÍFICO PERMITIDO

Material de debuxo, pintura e complementario

- Para os exames que impliquen deseño, debuxo técnico ou artístico e técnicas gráfico-plásticas poderá utilizarse o material indicado nas circulares, directrices e orientacións dos respectivos Grupos de Traballo.

Dicionarios

- Exame de Latín II. No exame de Latín II poderá utilizarse o dicionario de latín-español/galego e permitirase o uso dos seus apéndices gramaticais, sempre que formen parte orixinal e inseparable dos dicionarios. Con todo, non se permitirán as páxinas (interiores ou apéndices) con contidos literarios e de evolución do latín ao castelán ou ao galego. Neste caso deberase comunicar aos membros da Comisión Delegada e gramparanse ou separaranse as páxinas mencionadas antes do comezo do exame.

- Exame de Grego II. No exame de Grego II poderá utilizarse calquera dicionario de **grego-español/galego** incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Os/as vogais das comisións delegadas poderán revisar os apéndices gramaticais para comprobar que non hai anotacións. De detectarse anotacións nestes, instarase o alumno ou alumna a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos.

Calculadoras

- Poderase utilizar a calculadora nos exercicios de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II, Ciencias Xerais, Física, Química, Empresa e deseño de modelos de negocio e Tecnoloxía e enxeñaría.
- Permitirase usar calculadoras non programables e que non teñan capacidade gráfica.
- Non poderá haber nada escrito nas calculadoras ou nas súas fundas.

No caso de dúbida sobre a validez dun determinado modelo de calculadora, o tribunal requiriralle ao alumno ou alumna a calculadora para valorar as súas características. De comprobarse que a calculadora é programable ou con capacidade gráfica, estarase ao disposto nos puntos 6. MATERIAL NON PERMITIDO e 7. COPIAS E SANCIÓNNS.

6. MATERIAL NON PERMITIDO

Non está permitido na aula ningún tipo de reloxo, dispositivos que emitan ou reciban radiofrecuencias, teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico, agás os explicitamente aprobados pola CiUG por razóns médicas de xeito individual, na correspondente resolución á solicitude de adaptación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Todo o alumnado deberá manter os pavillóns auditivos despexados para verificar que non usan dispositivos non permitidos.

Os/os vogais das comisións delegadas terán especial coidado en que no posto de exame o alumnado non teña consigo estes dispositivos electrónicos, agás as calculadoras non programables e sen capacidade gráfica permitidas.

7. COPIAS E SANCIÓNNS

No caso de que se detecte algún alumno ou alumna con material non permitido no posto de exame, copiando ou non respectando estas instrucións será motivo de medida disciplinaria. Despois da súa correcta identificación, instarase a saír da aula e o exame será cualificado con 0 puntos. Ademais, a comisión organizadora das probas determinará as posibles sanciónns que se lle aplicarán e que poden implicar a anulación total das súas probas da ABAU.

Décima PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNNS

As cualificaciónns obtidas polo alumnado faranse públicas en Nerta o día 13 de xuño para a

Convocatoria Ordinaria e o 11 de xullo para a Extraordinaria, a partir das 20.00 horas.

O día 20 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e o 17 de xullo para a Extraordinaria faranse públicas as cualificacións definitivas despois da resolución das solicitudes de revisión (a partir das 20:00 horas).

Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións da ABAU correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática.

Undécima TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

O día 14 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e o 12 de xullo para a Extraordinaria, o alumnado recibirá por correo electrónico a súa Tarxeta de Cualificación Provisional da ABAU, asinada dixitalmente.

Finalmente, o día 21 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e o 18 de xullo para a Extraordinaria, o alumnado recibirá por correo electrónico a súa Tarxeta de Cualificación Definitiva da ABAU asinada dixitalmente coa modificación da nota, no seu caso, despois do prazo de revisión das cualificacións.

Para poder recibir a Tarxeta de Cualificación da ABAU é necesario ter rexistrado un correo electrónico válido en Nerta.

O alumnado que non rexistrase un correo electrónico válido en Nerta poderá solicitar a Tarxeta no seu centro de bacharelato.

Duodécima REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

O alumnado ou titores/as legais poderán solicitar a revisión da cualificación obtida nun ou en varios exames no prazo de tres días contados a partir da data de publicación das cualificacións. Neste proceso de revisión as modificacións das cualificacións poden ser tanto á alza como á baixa.

1. O prazo de presentación destas solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións: 14 a 18 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e 12 a 16 de xullo para a Extraordinaria (ata as 14:00h.).

2. As solicitudes de revisión poderanse facer a través da aplicación informática Nerta,

empregando o seu código de acceso. O alumnado deberá gardar copia da súa solicitude en calidade de resguardo e xustificación de presentación desta.

3. No proceso de revisión procederase do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, analizarase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida (identificada como P) pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal (identificada tamén como P).

b) Deseguido, realizarase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista, distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación (identificada como S) ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$.

c) No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección (identificada como T). Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.

Contra a resolución adoptada pola CIUG, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación ante a propia CIUG. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou se produza o acto presunto.

4. O alumnado, ou titores legais, terán dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado o proceso de revisión (Art. 10.3 do RD 310/2016 de 29 de xullo). Para a consulta dos exames poderá facerse a solicitude o 21 e 25 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e o 18 e 19 de xullo para a Extraordinaria (ata as 14:00h.) presentando o formulario correspondente nun LERD (véxase Anexo I), ou remitindo por correo electrónico ao LERD correspondente o formulario. Os exames revisados poderanse ver o 27 de xuño para a Convocatoria Ordinaria e o 23 de xullo para a Extraordinaria ás 10:00 horas no Edificio Fontán da Cidade da Cultura (sede da CiUG).

Décimo terceira COMISIÓNS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE DE APOIO

EDUCATIVO

Dependendo da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con discapacidade e/ou Necesidade de Apoio Educativo, matriculado na ABAU, que expresamente o solicite e o acredite convenientemente segundo o procedemento de actuación establecido pola CIUG levaranse a cabo, única e exclusivamente, nas seguintes Comisións Delegadas:

Convocatoria Ordinaria:

Santiago de Compostela:

- *Comisión Delegada nº 04* con sede na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Norte)

Coruña:

- *Comisión Delegada nº 10* con sede na Facultade de Economía e Empresa (Campus de Elviña)

Ferrol:

- *Comisión Delegada nº 13* con sede na Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (Campus Esteiro)

Cee

- *Comisión Delegada nº 15* con sede no IES Agra de Raíces (Rúa Buenaventura Castro Rial, s/n.)

Lugo:

- *Comisión Delegada nº 16* con sede na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Avda. Alfonso X El Sabio)

Viveiro:

- *Comisión Delegada nº 18* con sede no IES Vilar Ponte. (Rúa Antonio Ledesma, 56)

Ourense:

- *Comisión Delegada nº 19* con sede na Facultade de Dereito (Campus de Ourense)
- *Comisión Delegada nº 21* con sede no Edificio Politécnico (Campus de Ourense)
- *Comisión Delegada nº 22* con sede nas Facultade de Historia e na Facultade de Educación e Traballo Social (Campus de Ourense)

A Rúa

- A Rúa: *Comisión Delegada* nº 23 con sede no IES Cosme López Rodríguez (A Rúa)

Pontevedra:

- *Comisión Delegada* nº 24 con sede na Facultade de Comunicación (Campus de Pontevedra)
- *Comisión Delegada* nº 25 con sede na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)
- *Comisión Delegada* nº 26 con sede na Escola de Enxeñaría Forestal (Campus de Pontevedra)
- *Comisión Delegada* nº 36: no Centro de ensino C.R.E. Santiago Apóstolo-ONCE (Rúa Luís Braille, nº 40 – 36003 Pontevedra)

Vigo:

- *Comisión Delegada* nº 28 na Facultade de Comercio (Campus Vigo-cidade)
- *Comisión Delegada* nº 29 con sede na Facultade de Filoloxía e Tradución (Campus Lagoas -Marcosende)
- *Comisión Delegada* nº 30 con sede na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Lagoas-Marcosende)
- *Comisión Delegada* nº 32 con sede na Facultade de Ciencias Experimentais (Campus Lagoas-Marcosende)
- *Comisión Delegada* nº 34 con sede na Escola de Enxeñaría de Minas (Campus de Lagoas-Marcosende)

Convocatoria Extraordinaria:

- *Comisión Delegada* 15 con sede no Centro de ensino C.R.E. Santiago Apóstolo-ONCE (Rúa Luís Braille, nº 40 – 36003 Pontevedra)
- Santiago de Compostela: *Comisión Delegada 02B* con sede na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus Norte).
- Coruña: *Comisión Delegada 04B* con sede na EU Arquitectura Técnica (Zapateira, Coruña)

- Ferrol: *Comisión Delegada 05B* con sede na Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF, Campus de Esteiro, Ferrol).
- Lugo: *Comisión Delegada 07B* con sede na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Avda. Alfonso X El Sabio).
- Ourense - *Comisión Delegada 09B* con sede na Facultade de Educación e Traballo Social (Ourense)
- Pontevedra: *Comisión Delegada 10B* con sede na Escola de Enxeñaría Forestal (Pontevedra).
- Vigo: *Comisión Delegada 11B* con sede na Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo

Os exames deste estudiantado serán os mesmos que os do resto de estudantes pero terán un horario adaptado (Véxase Anexo III) para facilitar, dentro do posible, os descansos entre probas fóra da aula de exame.

Para poder dispoñer das medidas indicadas neste procedemento, o estudante deberá acudir obrigatoriamente á sede daquela Comisión Delegada que se lle indique na comunicación enviada ao centro.

CALENDARIO RESUMO:

	Convocatoria Ordinaria	Convocatoria Extraordinaria
Matrícula Anticipada	2 ao 20 de maio	10 ao 17 de xuño
Prematrícula nos centros de Bacharelato	16 ao 20 de maio	13 ao 17 de xuño
Reclamación erros de matrícula nos centros de secundaria	20 de maio	17 de xuño
Envío de documentación dos centros de Secundaria ao LERD correspondente	21 e 22 de maio	18 ou 19 de xuño
Publicación do alumnado matriculado en Nerta	23 de maio	20 de xuño
Exames ABAU	4, 5 e 6 de xuño	2, 3 e 4 de xullo
Peche de incidencias de matrícula	4 de xuño ás 9h.	2 de xullo ás 9h.
Publicación cualificacións	13 de xuño	10 de xullo

Solicitud de Revisión de cualificacións	14 a 18 de xuño (ata ás 14h.)	11 a 15 de xullo (ata ás 14h.)
Publicación cualificacións definitivas	20 de xuño	16 de xullo
Solicitud para ver os exames con revisión	21 e 25 de xuño (ata as 14:00h.)	17 ou 18 de xullo (ata as 14:00h.)
Data para ver os exames solicitados	27 de xuño ás 10h.	23 de xullo ás 10h.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

O Presidente da CIUG

Asdo.: Pedro Armas Diéguez